

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9895 *Lei 16/2014, do 30 de setembro, pola que se regulan as taxas da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV), creada pola Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, é un ente de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada.

O artigo 24 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, establece que os recursos da CNMV estarán integrados, entre outros, polas taxas que perciba pola realización das súas actividades ou a prestación dos seus servizos.

O artigo 13 da Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego, tras determinar os elementos esenciais das ditas taxas, autoriza o Goberno para acordar a súa aplicación e desenvolver a súa regulación.

En virtude da citada autorización ditáronse diversas normas regulatorias das taxas da CNMV; de entre todas elas mantense en vigor o Real decreto 1732/1998, do 31 de xullo, sobre taxas aplicables polas actividades e servizos prestados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores. Este real decreto viuse modificado, en primeiro lugar, polas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado que foron actualizando os tipos de contía fixa das taxas da Facenda estatal, co obxectivo xenérico de neutralizar o efecto anual da inflación nas taxas; en segundo lugar, polo Real decreto 845/1999, do 21 de maio, polo que se modifica parcialmente o Real decreto 1393/1990, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo en relación coas sociedades e fondos de investimento inmobiliario e se dispoñen outras medidas financeiras, co fin de introducir pequenas modificacións nos feitos impositivos que recaen sobre o rexistro de folletos; e por último, pola Lei 23/2005, do 18 de novembro, de reformas en materia tributaria para o impulso á produtividade, co propósito de mellorar a competitividade do mercado financeiro e adaptarse ao novo marco de maior competencia imposto pola Directiva 2003/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de novembro de 2003, sobre o folleto que se debe publicar en caso de oferta pública ou admisión a negociación de valores, e pola que se modifica a Directiva 2001/34/CE.

O artigo 10 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, determina que o establecemento das taxas, así como a regulación dos elementos esenciais de cada unha delas, se deberá realizar conforme a lei. Así mesmo, o artigo 8 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, establece os elementos e materias sometidos á reserva de lei tributaria.

O tempo transcorrido desde a aprobación do Real decreto 1732/1998, do 31 de xullo, que regula o vixente réxime de taxas da CNMV, unido aos avances da tecnoloxía incorporados á operativa dos mercados e aos procesos de integración que se produciron nos últimos anos, aconsellan a revisión das taxas que vén aplicando a CNMV para

adecuadas á estrutura e características actuais dos mercados e á propia estrutura da CNMV.

O proceso de revisión que incorpora esta lei persegue un triplo obxectivo. En primeiro lugar, garantir a suficiencia financeira da CNMV con respecto do principio de equivalencia. A fonte principal de ingresos da CNMV son as taxas que liquida polas actividades e servizos que presta ás distintas persoas, entidades e institucións que interveñen nos mercados financeiros. Neste sentido, revísanse feitos impositivos en vigor e incorpóranse outros novos e, como consecuencia diso, novos suxeitos pasivos e axustes nas tarifas.

En segundo termo, a revisión tomou en consideración o sistema de taxas que outros supervisores do noso ámbito económico e xurídico aplican, co obxecto de conseguir unha maior alifación do noso réxime de taxas a ese contexto integrado dos mercados e evitar que os custos derivados das taxas poidan actuar como un elemento negativo no desenvolvemento do noso mercado de capitais.

Finalmente, incorpóranse melloras na xestión, que beneficiarán tanto os suxeitos pasivos da taxa coma a propia CNMV ao se reduciren os custos e cargas vinculados aos procedementos de liquidación e recadación, que realizará a propia CNMV con base na información que esta dispón nos seus rexistros ou que, de ser o caso, poida obter sen necesidade de recorrer a requirimentos adicionais de información para estes fins.

O capítulo I contén preceptos relativos ao obxecto e ao ámbito de aplicación, réxime orzamentario, fontes normativas, determinación de bases impositivas e liquidables, e ao tratamento dos suxeitos pasivos non residentes en territorio nacional.

O capítulo II, integrado por sete seccións, define as taxas aplicables pola realización de actividades e a prestación de servizos pola CNMV.

A sección 1.^a regula, na subsección 1.^a, as taxas aplicables ao exame da documentación necesaria para a verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais; na subsección 2.^a, as taxas por exame da documentación necesaria para o rexistro de folletos informativos e documentos de rexistro; e na subsección 3.^a, as taxas por exame da documentación necesaria para a verificación e rexistro ou inscrición da constitución de fondos de titulización e de fondos de activos bancarios e das súas modificacións e novas incorporacións de activos.

Configúrase nesta sección como elemento esencial do feito impositivo a verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais. O rexistro de folleto non devindicará taxa se a documentación presentada prevé a admisión a negociación dos valores. Neste caso liquidarase unicamente a taxa correspondente á verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, cando se realizase esta verificación. Aplícase a mesma regra para a verificación e o rexistro da constitución dos fondos de titulización e de fondos de activos bancarios.

Para os casos de denegación, caducidade ou desistencia prevese a aplicación de taxas de contía fixa.

A sección 2.^a ocúpase, na súa subsección 1.^a, das taxas aplicables ao exame pola CNMV da documentación necesaria para a admisión a trámite e autorización de ofertas públicas de adquisición de valores (OPA) e das súas modificacións. Substitúe esta taxa a de autorización de OPA ata agora vixente, desprazando o feito impositivo á fase do exame da documentación presentada pola persoa ou persoas (físicas ou xurídicas) que realizan a OPA, establecendo cotas fixas mínimas e máximas e fixando unha taxa de cota fixa específica para a modificación de condicións da OPA.

Así mesmo, na subsección 2.^a establécese unha taxa de contía fixa polo exame da documentación necesaria para o outorgamento de dispensa ou exención da obriga de formular OPA.

Para os casos de denegación, caducidade ou desistencia dos expedientes afectados polas taxas desta sección 2.^a, prevese a aplicación de taxas de contía fixa.

A sección 3.^a establece taxas de contía fixa para o exame por parte CNMV da documentación necesaria para a autorización e o rexistro de mercados secundarios

oficiais, sistemas multilaterais de negociación, sistemas de rexistro ou liquidación de valores e entidades de contrapartida central, así como dos actos relacionados coas ditas entidades, todas elas recollidas no artigo 84.1, letras a) e b), da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

A subsección 1.^a da sección 4.^a detalla as taxas de contía fixa aplicables ao exame por parte da CNMV da documentación necesaria para a autorización ou declaración de non oposición de determinadas persoas ou entidades e de actos relacionados con estas. Afecta esta taxa a creación e determinados actos de empresas de servizos de investimento (ESI), sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo (SXIC), sociedades xestoras de entidades de capital risco (SXECR) e sociedades xestoras de fondos de titulización (SXFT), así como as ESI e SXIC non comunitarias que presten servizos en España mediante sucursal ou en réxime de libre prestación. Todas as taxas son de contía fixa, en función das características da concreta operación que se vai examinar.

A subsección 2.^a recolle as taxas aplicables pola inscrición de determinadas persoas ou entidades e de actos relacionados con estas nos rexistros oficiais da CNMV, en función do tipo de entidade e do acto de que se trate. Afectan estas taxas a inscrición de ESI, SXIC, SXECR, SXFT, institucións de investimento colectivo (IIC), depositarios de IIC, IIC estranxeiras comercializadas en España, entidades de capital risco (ECR) e sucursais e axentes en España de ESI e SXIC estranxeiras, así como de actos relacionados coas ditas entidades, cando estes actos deban ser inscritos nos rexistros oficiais da CNMV. Todas as taxas son de contía fixa, en función das características da concreta inscrición que se vai realizar.

A sección 5.^a determina as taxas de contía fixa aplicables á comprobación por parte da CNMV do cumprimento dos requisitos de comercialización das IIC estranxeiras en España, establecendo a distinción entre aquelas entidades sometidas á Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, e as demais. Trátase dunha taxa de devindicación anual.

A sección 6.^a engloba as taxas aplicables pola supervisión e inspección que permanentemente realiza a CNMV sobre determinadas persoas e entidades. Así, a subsección 1.^a regula as taxas aplicables pola supervisión dos requisitos de solvencia e actividade das persoas ou entidades rexistradas na CNMV, e recolle aquí as ESI, SXIC, SXFT, IIC e as súas entidades depositarias, ECR e SXECR. Trátase de taxas cuxa base imponible fai referencia aos recursos propios exixibles, no caso das ESI e sociedades xestoras; ao patrimonio, no caso das IIC; ao patrimonio depositado, no caso dos depositarios de IIC; e ao activo total de fondos ou sociedades, no caso das ECR. En todos os casos se establece unha cota fixa mínima e a devindicación da taxa ten carácter semestral, salvo para as ECR e as SXFT e SXECR, en que a devindicación ten carácter anual.

Na subsección 2.^a recóllese a taxa por supervisión e inspección das normas de conduta das persoas ou entidades que prestan servizos de investimento, que afecta todas as ESI, así como as entidades de crédito (EC) e SXIC habilitadas para prestar servizos de investimento. Tamén afecta as sucursais e axentes domiciliados en España de ESI, EC e SXIC estranxeiras habilitadas para prestar servizos de investimento e auxiliares, e as ESI e EC de Estados non membros da Unión Europea autorizadas para prestar servizos de investimento en España en réxime de libre prestación sen sucursal. A taxa componse da suma de dúas tarifas, cada unha delas cunha cota fixa mínima. Para a primeira tarifa a base imponible son os ingresos brutos totais percibidos pola prestación de servizos de investimento, servizos auxiliares e resto de actividades do mercado de valores asociadas ás anteriores, e a segunda tarifa é proporcional ao número de clientes retalistas e profesionais a que se prestan os ditos servizos. A taxa é de devindicación anual.

A subsección 3.^a fai referencia ás taxas por supervisión e inspección da actividade dos membros dos mercados secundarios de valores, das entidades participantes nos

sistemas de rexistro e liquidación de valores, sendo as bases impositibles o número de operacións realizadas nos mercados e os saldos mantidos na Sociedade de Sistemas. Estas taxas teñen devindicación semestral.

A subsección 4.^a establece as taxas aplicables pola supervisión e inspección das entidades reitoras dos mercados secundarios oficiais e dos sistemas multilaterais de negociación, así como das entidades de contrapartida central autorizadas a administrar servizos de compensación sobre instrumentos financeiros e das entidades autorizadas a xestionar sistemas de rexistro ou liquidación de valores. No caso dos mercados de contado de renda fixa e variable a base impositible son as cifras de negociación do mercado; para os mercados de futuros e opcións, o número de contratos; e no caso das entidades que administran sistemas de rexistro ou liquidación e de compensación, aplícase unha cota fixa segundo os servizos que preste. Estas taxas teñen devindicación semestral.

Por último, a subsección 5.^a establece as taxas aplicables pola supervisión e inspección do cumprimento das normas de obriga de remisión de información das entidades emisoras de valores admitidos a negociación, con taxas de distinta contía fixa en función da súa capitalización bolsista, no caso de entidades con accións admitidas a negociación, ou en función das concretas obrigas de remisión de información, no caso de entidades cuxos valores admitidos a negociación non sexan accións. Estas taxas teñen devindicación semestral.

Como peche deste capítulo, a sección 7.^a define as taxas aplicables por expedición de certificados que se refiran á información incluída nos rexistros públicos da CNMV, única taxa autoliquidada polo suxeito pasivo.

O capítulo III desenvolve as normas de xestión e pagamento das taxas da CNMV.

Por último, esta lei contén unha disposición adicional de contención do gasto público, unha disposición transitoria que establece o réxime aplicable aos expedientes en tramitación na data de entrada en vigor da lei; unha derogatoria das normas de igual ou inferior rango relativas ás taxas da CNMV, e tres disposicións derradeiras. A primeira delas contén a referencia ao título competencial, a segunda, a habilitación ao Goberno para desenvolver esta lei, e a terceira determina a súa entrada en vigor o día 1 de xaneiro de 2015, co fin de asegurar a súa adecuada implantación e o menor impacto na xestión económico-administrativa e contable do profundo cambio que esta lei supón, tanto para a CNMV como para os suxeitos pasivos.

ÍNDICE

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.
- Artigo 2. Réxime orzamentario.
- Artigo 3. Fontes normativas.
- Artigo 4. Base impositible.
- Artigo 5. Base liquidable.
- Artigo 6. Representación de suxeitos pasivos non residentes.

Capítulo II. Taxas aplicables pola prestación de determinados servizos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV).

Sección 1.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, para o rexistro de folletos informativos e documentos de rexistro nas súas distintas modalidades e para a verificación e o rexistro da constitución de fondos de titulización e de fondos de activos bancarios e das súas modificacións e novas incorporacións de activos.

Subsección 1.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais.

- Artigo 7. Feito imponible.
- Artigo 8. Suxeito pasivo.
- Artigo 9. Base imponible.
- Artigo 10. Tipos de gravame e cotas.
- Artigo 11. Devindicación.
- Artigo 12. Liquidación.

Subsección 2.^a Taxas por exame da documentación necesaria para o rexistro de folletos informativos e documentos de rexistro nas súas distintas modalidades.

- Artigo 13. Feito imponible.
- Artigo 14. Suxeito pasivo.
- Artigo 15. Cotas.
- Artigo 16. Devindicación.
- Artigo 17. Liquidación.

Subsección 3.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a verificación e rexistro ou inscrición da constitución de fondos de titulización e de fondos de activos bancarios e das súas modificacións e novas incorporacións de activos.

- Artigo 18. Feito imponible.
- Artigo 19. Suxeito pasivo.
- Artigo 20. Cota.
- Artigo 21. Devindicación.
- Artigo 22. Liquidación.

Sección 2.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a admisión a trámite e autorización de oferta pública de adquisición de valores (OPA) e das súas modificacións, e para o outorgamento de dispensa ou exención da obriga de formular OPA.

Subsección 1.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a admisión a trámite e autorización de OPA e das súas modificacións.

- Artigo 23. Feito imponible.
- Artigo 24. Suxeito pasivo.
- Artigo 25. Base imponible.
- Artigo 26. Tipos de gravame e cotas.
- Artigo 27. Devindicación.
- Artigo 28. Liquidación.

Subsección 2.^a Taxas por exame da documentación necesaria para o outorgamento de dispensa ou exención da obriga de formular OPA.

- Artigo 29. Feito imponible.
- Artigo 30. Suxeito pasivo.
- Artigo 31. Cota.
- Artigo 32. Devindicación.
- Artigo 33. Liquidación.

Sección 3.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a autorización e rexistro de mercados secundarios oficiais, sistemas multilaterais de negociación, sistemas de rexistro ou liquidación de valores, entidades de contrapartida central e de actos relacionados coas ditas entidades.

- Artigo 34. Feito imponible.
- Artigo 35. Suxeito pasivo.
- Artigo 36. Cota.
- Artigo 37. Devindicación.
- Artigo 38. Liquidación.

Sección 4.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a autorización ou declaración de non oposición e pola inscrición de persoas ou entidades e de actos relacionados con estas persoas ou entidades nos rexistros oficiais da CNMV.

Subsección 1.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a autorización ou declaración de non oposición, de determinadas persoas ou entidades e de actos relacionados con esas persoas ou entidades.

- Artigo 39. Feito imponible.
- Artigo 40. Suxeito pasivo.
- Artigo 41. Cotas.
- Artigo 42. Devindicación.
- Artigo 43. Liquidación.

Subsección 2.^a Taxas por inscrición de determinadas persoas ou entidades e de actos relacionados con esas persoas ou entidades nos rexistros oficiais da CNMV.

- Artigo 44. Feito imponible.
- Artigo 45. Suxeito pasivo.
- Artigo 46. Cotas.
- Artigo 47. Devindicación.
- Artigo 48. Liquidación.

Sección 5.^a Taxas por comprobación do cumprimento dos requisitos de comercialización en España.

- Artigo 49. Feito imponible.
- Artigo 50. Suxeito pasivo.
- Artigo 51. Cota.
- Artigo 52. Devindicación.
- Artigo 53. Liquidación.

Sección 6.^a Taxas por supervisión e inspección de determinadas persoas ou entidades.

Subsección 1.^a Taxas por supervisión e inspección dos requisitos de solvencia e actividade de determinadas persoas ou entidades inscritas nos rexistros oficiais da CNMV.

- Artigo 54. Feito imponible.
- Artigo 55. Suxeito pasivo.
- Artigo 56. Bases impositibles, tipos de gravame e cotas.
- Artigo 57. Devindicación.
- Artigo 58. Liquidación.

Subsección 2.^a Taxas por supervisión e inspección das normas de conduta das persoas ou entidades que realizan actividades de prestación de servizos de investimento.

- Artigo 59. Feito imponible.
- Artigo 60. Suxeito pasivo.
- Artigo 61. Bases impositibles, tipos de gravame e cotas.
- Artigo 62. Devindicación.
- Artigo 63. Liquidación.

Subsección 3.^a Taxas por supervisión e inspección da actividade dos membros dos mercados secundarios oficiais de valores, sistemas multilaterais de negociación e entidades de contrapartida central das entidades participantes nos sistemas de rexistro ou liquidación de valores e daquelas entidades que actúen como contrapartes nos contratos de derivados extrabolsistas non compensados a través dunha entidade de contrapartida central.

- Artigo 64. Feito imponible.
- Artigo 65. Suxeito pasivo.
- Artigo 66. Bases impositibles, tipos de gravame e cotas.
- Artigo 67. Devindicación.
- Artigo 68. Liquidación.

Subsección 4.^a Taxas por supervisión e inspección dos mercados secundarios oficiais, dos sistemas multilaterais de negociación, das entidades de contrapartida central autorizadas a administrar servizos de compensación sobre instrumentos financeiros, das entidades autorizadas a xestionar sistemas de rexistro ou liquidación de valores e do resto de entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b), da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

- Artigo 69. Feito imponible.
- Artigo 70. Suxeito pasivo.
- Artigo 71. Bases impositibles, tipos de gravame e cotas.
- Artigo 72. Devindicación.
- Artigo 73. Liquidación.

Subsección 5.^a Taxas por supervisión e inspección do cumprimento das normas de obriga de remisión de información á CNMV para as persoas ou entidades emisoras de valores admitidos a negociación, fondos de titulización e fondos de activos bancarios.

- Artigo 74. Feito imponible.
- Artigo 75. Suxeito pasivo.
- Artigo 76. Cotas.
- Artigo 77. Devindicación.
- Artigo 78. Liquidación.

Sección 7.^a Taxas por expedición de certificados.

- Artigo 79. Feito imponible.
- Artigo 80. Suxeito pasivo.
- Artigo 81. Cota.
- Artigo 82. Devindicación.
- Artigo 83. Liquidación.

Capítulo III. Normas de xestión.

- Artigo 84. Órgano xestor.
- Artigo 85. Pagamento.

Disposición adicional. Contención do gasto público.

Disposición transitoria. Normativa aplicable en materia de taxas aos expedientes en tramitación.

Disposición derogatoria.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Disposición derradeira segunda. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. A presente lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico das taxas aplicables pola realización de actividades e a prestación de servizos por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV), tal e como se definen nos artigos seguintes.

2. As taxas aplicables pola realización de actividades e a prestación de servizos por parte da CNMV serán de aplicación en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Réxime orzamentario.*

Os ingresos derivados das taxas aplicables pola realización de actividades e a prestación de servizos por parte da CNMV teñen a natureza de ingresos orzamentarios da CNMV.

Artigo 3. *Fontes normativas.*

As taxas aplicables pola realización de actividades e a prestación de servizos por parte da CNMV rexeranse polo establecido nesta lei e, no seu defecto, pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 4. *Base impoñible.*

1. A base impoñible das liquidacións que practicará a CNMV determinarase de acordo coa información que, en cumprimento das súas obrigas de remisión de información, remitan á CNMV os suxeitos pasivos ou terceiros que actúen no seu nome.

2. No caso de que, para un determinado período de devindicación, non haxa obriga de remisión de información á CNMV, a base impoñible determinarase a partir dos datos contidos na información correspondente ao período anterior.

3. Se non existe ningunha obriga de remisión de información á CNMV, os suxeitos pasivos ou terceiros que actúen no seu nome deberán remitir a información requirida para efectuar a liquidación dentro dos 30 días seguintes ao de devindicación da taxa.

4. No caso de que non se remita a información citada nos números anteriores dentro dos prazos requiridos, a CNMV realizará as actuacións de comprobación e investigación necesarias para a práctica da oportuna liquidación, de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5. *Base liquidable.*

A base liquidable será o resultado de efectuar, se é o caso, sobre a base impoñible as reducións definidas nesta lei, de conformidade co establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 6. *Representación de suxeitos pasivos non residentes.*

1. No caso das liquidacións que deberá practicar a CNMV, se o suxeito pasivo resulta ser unha persoa ou entidade non residente no territorio nacional, deberá nomear un representante en España para os efectos do pagamento das taxas da CNMV.

2. O representante con domicilio en territorio español será quen se relacione coa CNMV en materia de taxas, atenderá as actuacións administrativas derivadas delas e será responsable solidario para o pagamento da taxa.

CAPÍTULO II

Taxas aplicables pola prestación de determinados servizos por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV)

Sección 1.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, para o rexistro de folletos informativos e documentos de rexistro nas súas distintas modalidades e para a verificación e o rexistro da constitución de fondos de titulización e de fondos de activos bancarios e das súas modificacións e novas incorporacións de activos

Subsección 1.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais

Artigo 7. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa o exame da documentación necesaria para a verificación por parte da CNMV do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, exixible de acordo coa Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e polas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 8. Suxeito pasivo.

Será suxeito pasivo da taxa a persoa ou entidade que solicite a admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais.

Artigo 9. Base imponible.

A base imponible será, no caso de valores participativos, o valor efectivo dos valores da oferta pública que vaian ser admitidos a negociación ou o seu valor nominal cando non houberse oferta pública previa. No caso de accións dunha sociedade que solicita por primeira vez a admisión a negociación en bolsa de valores, establecerase unha cota fixa mínima.

No caso de valores non participativos, a base imponible será o valor nominal dos valores que vaian ser admitidos a negociación, ou o seu valor efectivo cando non dispoñan de valor nominal.

Artigo 10. Tipos de gravame e cotas.

1. Tarifa 1.1. Taxa por exame da documentación necesaria para a verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores participativos en mercados secundarios oficiais. A cota tributaria será o resultado de multiplicar a base liquidable polo tipo de gravame do 0,01 por cento, con cotas fixas mínima e máxima de 4.000,00 e 70.000,00 euros, respectivamente. No caso de accións dunha sociedade que solicita por primeira vez a admisión a negociación en bolsa de valores, a cota fixa mínima prevista no artigo anterior será de 25.000,00 euros.

2. Tarifa 1.2. Taxa por exame da documentación necesaria para a verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores participativos en mercados secundarios oficiais, emitidos noutro Estado da Unión Europea e amparados por un folleto aprobado pola autoridade competente do Estado membro de orixe, que fose comunicado á CNMV na forma e prazo previstos na lexislación vixente. A cota tributaria será o resultado de multiplicar a base liquidable polo tipo de gravame do 0,002 por cento, con cotas fixas mínima e máxima de 600,00 e 11.000,00 euros, respectivamente. No caso

de accións dunha sociedade que solicita por primeira vez a admisión a negociación en bolsa de valores, a cota fixa mínima prevista no artigo anterior será de 4.000,00 euros.

3. Tarifa 1.3. Taxa por exame da documentación necesaria para a verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores non participativos en mercados secundarios oficiais. A cota tributaria será o resultado de sumar as cotas das tarifas 1.3.1 e 1.3.2 seguintes:

a) Tarifa 1.3.1. A cota tributaria será o resultado de multiplicar a base liquidable polo tipo de gravame do 0,01 por cento, con cotas fixas mínima e máxima de 3.000,00 e 60.000,00 euros, respectivamente.

b) Tarifa 1.3.2. Aplicarase unha cota fixa de 500,00 euros a cada unha das verificacións do cumprimento dos requisitos para a admisión que un mesmo suxeito pasivo realice no marco dun folleto de base, cando se supere o número de dez verificacións no marco do dito folleto, agás as relativas a obrigas de pagamento e *warrants*.

4. Tarifa 1.4. Taxa por exame da documentación necesaria para a verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores non participativos en mercados secundarios oficiais, emitidos noutro Estado da Unión Europea e amparados por un folleto aprobado pola autoridade competente do Estado membro de orixe que fose comunicado á CNMV na forma e prazo previstos na lexislación vixente. A cota tributaria será o resultado de sumar as cotas das tarifas 1.4.1 e 1.4.2 seguintes:

a) Tarifa 1.4.1. A cota tributaria será o resultado de multiplicar a base liquidable polo tipo de gravame do 0,002 por cento, con cotas fixas mínima e máxima de 400,00 e 9.000,00 euros, respectivamente.

b) Tarifa 1.4.2. Aplicarase unha cota fixa de 100,00 euros a cada unha das verificacións do cumprimento dos requisitos para a admisión que un mesmo suxeito pasivo realice no marco dun folleto de base, cando se supere o número de dez verificacións no marco do dito folleto, agás as relativas a obrigas de pagamento e *warrants*.

Artigo 11. *Devindicación.*

A devindicación das taxas recollidas no artigo 10 producirase no momento da presentación na CNMV da correspondente solicitude.

Artigo 12. *Liquidación.*

1. Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, a CNMV practicará a oportuna liquidación das taxas recollidas no artigo 10.

2. No caso das taxas por exame da documentación relativa a verificacións do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores non participativos, recollidas nos números 3 e 4 do artigo 10, que un mesmo suxeito pasivo realice no marco dun folleto de base, practicarase unha única liquidación trimestral para todas aquelas verificacións producidas en cada trimestre natural correspondentes ao dito folleto de base. A suma das cotas das tarifas 1.3.1 e 1.4.1 liquidadas a cada suxeito pasivo no marco dun folleto de base non poderá superar o importe que tivese resultado dunha única liquidación practicada á totalidade do importe admitido a negociación en aplicación do folleto de base.

3. Nos casos de denegación da verificación do cumprimento dos requisitos para a admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, ou de desistencia ou caducidade do expediente, a CNMV practicará a oportuna liquidación a partir do momento en que as ditas circunstancias se produzan, por unha cota fixa de 3.000,00 euros, no caso das taxas dos números 1 e 3 do artigo 10, e de 400,00 euros, no caso das taxas dos números 2 e 4 do artigo 10.

Subsección 2.^a Taxas por exame da documentación necesaria para o rexistro de folletos informativos e documentos de rexistro nas súas distintas modalidades

Artigo 13. *Feito impoñible.*

1. Constitúe o feito impoñible da taxa o exame da documentación necesaria para a inscrición nos rexistros oficiais da CNMV dos folletos informativos e documentos de rexistro, salvo aqueles que formen parte de folletos informativos elaborados como documento único, así como dos suplementos destes, exixible todo iso de acordo coa Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e polas súas disposicións de desenvolvemento.

2. No serán exixibles estas taxas se a documentación achegada para exame prevé a admisión a negociación dos valores en mercados secundarios oficiais e esta se produce nun prazo inferior a seis meses desde a data de rexistro do folleto informativo e documento de rexistro; neste caso será de aplicación o previsto no artigo 10.

Artigo 14. *Suxeito pasivo.*

Será suxeito pasivo da taxa a persoa ou entidade a cuxo favor se solicite a inscrición no correspondente rexistro oficial.

Artigo 15. *Cotas.*

1. Tarifa 1.5. Taxa por exame da documentación necesaria para a inscrición nos rexistros oficiais da CNMV de folletos informativos e documentos de rexistro de valores participativos: aplicarase unha cota fixa de 25.000,00 euros. Se a entidade emisora dos valores tivese valores participativos admitidos a negociación nun mercado secundario oficial no momento de presentación da solicitude de inscrición do folleto informativo ou documento de rexistro, a cota que se aplicará será de 10.000,00 euros.

2. Tarifa 1.6. Taxa por exame da documentación necesaria para a inscrición nos rexistros oficiais da CNMV de folletos informativos e documentos de rexistro de valores non participativos e doutros instrumentos financeiros: aplicarase unha cota fixa de 5.000,00 euros.

3. Tarifa 1.7. Taxa por exame da documentación necesaria para a inscrición nos rexistros oficiais de suplementos de folletos informativos e documentos de rexistro: aplicarase unha cota fixa de 300,00 euros.

4. Cando nun folleto se inclúan de forma conxunta valores participativos e valores non participativos ou outros instrumentos financeiros, as taxas que se aplicarán serán as correspondentes á tarifa 1.5.

Artigo 16. *Devindicación.*

1. A devindicación das taxas recollidas no artigo 15 producirase no momento da presentación na CNMV da correspondente solicitude.

2. Producirase tamén a devindicación das taxas recollidas no artigo 15.1 e 15.2 cando, unha vez realizada a inscrición nos rexistros dun folleto informativo ou documento de rexistro que prevean a admisión a negociación dos valores, a admisión a negociación dos correspondentes valores non se produza no prazo de seis meses contados desde a data de inscrición do folleto ou documento de rexistro.

Artigo 17. *Liquidación.*

1. As taxas recollidas no artigo 15 serán liquidadas pola CNMV unha vez producida a inscrición do folleto ou documento de rexistro, salvo no suposto establecido no número 2 do artigo 16, no cal a liquidación se practicará unha vez producida a devindicación.

2. Nos casos de denegación da inscrición e de desistencia ou caducidade do expediente, a liquidación practicarase a partir do momento en que as ditas circunstancias se produzan.

Subsección 3.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a verificación e rexistro ou inscrición da constitución de fondos de titulización e de fondos de activos bancarios e das súas modificacións e novas incorporacións de activos.

Artigo 18. *Feito impoñible.*

1. Constitúe o feito impoñible da taxa o exame da documentación necesaria para a verificación e rexistro ou inscrición da constitución dos fondos de titulización e fondos de activos bancarios, así como das súas modificacións e novas incorporacións de activos, exigible todo iso de acordo co previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; na Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulización hipotecaria; na Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito; no Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulización de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulización; no Real decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2. Non será exigible esta taxa se a documentación achegada para exame prevé a admisión a negociación dos valores en mercados secundarios oficiais e esta se produce nun prazo inferior a seis meses desde a data de rexistro do folleto; neste caso será de aplicación o previsto no artigo 10.

Artigo 19. *Suxeito pasivo.*

Será suxeito pasivo da taxa o fondo de titulización ou fondo de activos bancarios a cuxo favor se solicite a verificación e rexistro ou inscrición da súa constitución ou das súas modificacións e novas incorporacións de activos.

Artigo 20. *Cota.*

1. Tarifa 1.8. Taxa por exame da documentación necesaria para a verificación e rexistro ou inscrición da constitución de fondos de titulización e fondos de activos bancarios: aplicarase unha cota fixa de 5.000,00 euros.

2. Tarifa 1.9. Taxa por exame da documentación necesaria para o rexistro da modificación da escritura de constitución de fondos de titulización e fondos de activos bancarios: aplicarase unha cota fixa de 300,00 euros.

3. Tarifa 1.10. Taxa por exame da documentación necesaria para o rexistro e verificación das novas incorporacións de activos: aplicarase unha cota fixa de 100,00 euros.

Artigo 21. *Devindicación.*

A devindicación das taxas recollidas no artigo 20 producirase no momento da presentación na CNMV da solicitude ou da comunicación da modificación correspondente.

Artigo 22. *Liquidación.*

1. As taxas recollidas nos números 1 e 2 do artigo 20 serán liquidadas pola CNMV unha vez que se produza a correspondente verificación e rexistro ou inscrición.

2. No caso da taxa recollida no artigo 20.3, practicarase unha única liquidación trimestral, cuxo importe será o resultado de sumar todas as taxas devindicadas correspondentes a aquelas incorporacións producidas por un mesmo suxeito pasivo durante o correspondente trimestre natural.

3. Nos casos de denegación da verificación e rexistro ou inscrición e de desistencia ou caducidade do expediente, a liquidación practicarase no momento en que se produzan as ditas circunstancias.

Sección 2.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a admisión a trámite e autorización de oferta pública de adquisición de valores (OPA) e das súas modificacións, e para o outorgamento de dispensa ou exención da obriga de formular OPA

Subsección 1.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a admisión a trámite e autorización de OPA e das súas modificacións

Artigo 23. *Feito impoñible.*

Constitúe o feito impoñible o exame da documentación necesaria para a admisión a trámite e autorización de OPA, así como daquelas modificacións que requiran autorización, todo iso exigible de acordo coa Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e polas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 24. *Suxeito pasivo.*

Será suxeito pasivo a persoa ou entidade a cuxo favor se solicite a autorización. Se a autorización se solicita a favor de máis dunha persoa ou entidade, será suxeito pasivo cada un deles.

Artigo 25. *Base impoñible.*

A base impoñible será o valor efectivo dos valores que constitúan o obxecto da oferta, calculado conforme as regras seguintes:

a) No caso de que a OPA se formule como compravenda, o valor efectivo calcularase multiplicando a contraprestación ofrecida en diñeiro por cada valor polo número de valores a que se dirixa a oferta.

b) No caso de que a OPA se formule como permuta ou como combinación de compravenda e permuta, o valor efectivo calcularase multiplicando o prezo en efectivo equivalente que apareza no folleto da oferta polo número de valores a que se dirixa esta.

Artigo 26. *Tipos de gravame e cotas.*

1. Tarifa 2.1. Taxa por exame da documentación necesaria para a admisión a trámite e autorización de OPA. A cota tributaria será o resultado de multiplicar a base liquidable polos tipos de gravame definidos a continuación:

a) Tarifa 2.1.1. No caso de que a base impoñible aplicable o sexa conforme o establecido na letra a) do artigo 25, o tipo de gravame será: 0,0225 por cento, con cotas fixas mínima e máxima de 10.000,00 e 150.000,00 euros, respectivamente.

b) Tarifa 2.1.2. No caso de que a base impoñible aplicable o sexa conforme o establecido na letra b) do artigo 25, o tipo de gravame será: 0,03 por cento, con cotas fixas mínima e máxima de 10.000,00 e 200.000,00 euros, respectivamente.

2. Tarifa 2.2. Taxa por exame da documentación necesaria para a autorización da modificación de OPA: aplicarase unha cota fixa de 35.000,00 euros.

3. As cotas definidas nos dous puntos anteriores ratearanse, se é o caso, entre cada un dos suxeitos pasivos a cuxo favor se solicite a autorización, en función da súa participación na oferta ou na súa modificación.

Artigo 27. *Devindicación.*

A devindicación das taxas mencionadas no artigo 26 producirase no momento da presentación na CNMV da correspondente solicitude de admisión a trámite e autorización.

Artigo 28. *Liquidación.*

1. Unha vez autorizada a OPA ou a súa modificación, a CNMV practicará a oportuna liquidación, conforme o disposto no artigo 26.

2. Nos casos de denegación da admisión a trámite e autorización da OPA ou da súa modificación, así como nos de desistencia ou caducidade do correspondente expediente, a CNMV practicará a liquidación das taxas definidas no artigo 26 por unha cota fixa de 10.000,00 euros.

Subsección 2.^a Taxas por exame da documentación necesaria para o outorgamento de dispensa ou exención da obriga de formular OPA

Artigo 29. *Feito impoñible.*

Constitúe o feito impoñible o exame da documentación necesaria para o outorgamento de dispensa ou exención da obriga de formular OPA que o requira de acordo coa Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e coas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 30. *Suxeito pasivo.*

Será suxeito pasivo a persoa ou entidade a cuxo favor se solicite a dispensa ou exención. Se a dispensa ou exención se solicita a favor de máis dunha persoa ou entidade, será suxeito pasivo cada un deles.

Artigo 31. *Cota.*

1. Tarifa 2.3. Taxa por exame da documentación necesaria para o outorgamento de dispensa ou exención da obriga de formular OPA: aplicarase unha cota fixa de 35.000,00 euros.

2. A cota anterior ratearase, se é o caso, entre cada un dos suxeitos pasivos a cuxo favor se solicite a dispensa ou exención.

Artigo 32. *Devindicación.*

A devindicación da taxa recollida no artigo 31 producirase no momento da presentación na CNMV da correspondente solicitude de dispensa ou exención.

Artigo 33. *Liquidación.*

1. Unha vez outorgada a dispensa ou exención da obriga de formular OPA, a CNMV practicará a oportuna liquidación, conforme o disposto no artigo 31.

2. No caso de denegación da dispensa ou exención da obriga de formular OPA, así como nos de desistencia ou caducidade do correspondente expediente, a CNMV practicará a liquidación da taxa definida no artigo 31, por unha cota fixa de 10.000,00 euros.

Sección 3.ª Taxas por exame da documentación necesaria para a autorización e o rexistro de mercados secundarios oficiais, sistemas multilaterais de negociación, sistemas de rexistro ou liquidación de valores, entidades de contrapartida central e de actos relacionados coas ditas entidades

Artigo 34. Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa o exame da documentación necesaria para:

- a) A autorización e subseguinte rexistro de mercados secundarios oficiais, agás os de débeda pública, de sistemas multilaterais de negociación, de sistemas de rexistro ou liquidación de valores e de entidades de contrapartida central (infraestruturas dos mercados).
- b) A autorización e subseguinte rexistro da modificación dos regulamentos das infraestruturas dos mercados.
- c) A autorización da modificación dos estatutos das entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.
- d) A autorización das operacións societarias que afectan as entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, así como a declaración de non oposición á adquisición de participacións significativas e a autorización da adquisición de participacións de control nas ditas entidades.
- e) A autorización das participacións societarias e acordos ou convenios a que se refiren os artigos 31.5, 44 bis.7 e 44 ter.7 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.
- f) A autorización do nomeamento de membros do consello de administración, directivos e asimilados nas entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.
- g) A emisión da notificación e certificado para a adquisición da condición de membro ou entidade participante nas infraestruturas de mercados polas entidades prestadoras de servizos de investimento, exixible todo iso de acordo co disposto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 35. Suxeito pasivo.

Será suxeito pasivo da taxa a persoa ou entidade a cuxo favor se solicite a autorización e, se é o caso, o rexistro, a declaración de non oposición ou a emisión da notificación ou certificado.

Artigo 36. Cota.

Tarifa 3. Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa, en función do tipo de documentación que se vai examinar:

Tarifa	Cota fixa (euros)	Tipo de documentación que se vai examinar
Tarifa 3.1	20.000,00	Autorización e subseguinte rexistro de infraestruturas dos mercados.
Tarifa 3.2	10.000,00	Autorización das operacións societarias das entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, con excepción das relativas a entidades reitoras de sistemas multilaterais de negociación. Autorización das adquisicións de participacións significativas de control nas entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Tarifa	Cota fixa (euros)	Tipo de documentación que se vai examinar
Tarifa 3.3	5.000,00	Autorización das operacións societarias das entidades reitoras de sistemas multilaterais de negociación. Acordos de non oposición á adquisición de participacións significativas superiores ao 10% do capital distintas ás de control nas entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. Autorización de acordos ou convenios a que se refiren os artigos 31.5, 44 bis.7 e 44 ter.7 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.
Tarifa 3.4	3.000,00	Autorización da modificación de estatutos das entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. Autorización e subseguinte rexistro da modificación dos regulamentos das entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.
Tarifa 3.5	1.000,00	Acordos de non oposición sobre adquisición de participacións significativas non de control inferiores ao 10% do capital nas entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.
Tarifa 3.6	300,00	Autorización do nomeamento de membros do consello de administración, directivos e asimilados nas entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. Emisión da notificación e certificado para a adquisición da condición de membro ou entidade participante nas infraestruturas dos mercados polas entidades prestadoras de servizos de investimento.

Artigo 37. *Devindicación.*

A remuneración das taxas recollidas no artigo 36 producirase no momento da presentación na CNMV da correspondente solicitude de autorización e, se é o caso, rexistro, de declaración de non oposición ou de emisión de notificación e certificado.

Artigo 38. *Liquidación.*

1. As taxas recollidas no artigo 36 serán liquidadas pola CNMV unha vez producida a autorización, o rexistro, a declaración de non oposición ou a emisión de notificación e certificado.

2. Nos casos de denegación da autorización, o rexistro, a declaración de non oposición ou a emisión de notificación e certificado, así como nos de desistencia ou caducidade do correspondente expediente, a liquidación correspondente practicarase unha vez que se produzan as ditas circunstancias.

Sección 4.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a autorización ou declaración de non oposición e pola inscrición de persoas ou entidades e de actos relacionados con estas persoas ou entidades nos rexistros oficiais da CNMV

Subsección 1.^a Taxas por exame da documentación necesaria para a autorización ou declaración de non oposición de determinadas persoas ou entidades e de actos relacionados con esas persoas ou entidades

Artigo 39. Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa o exame pola CNMV da documentación necesaria para:

- a) A autorización de empresas de servizos de investimento (ESI), sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo (SXIIIC), sociedades xestoras de entidades de capital risco (SXECR) e sociedades xestoras de fondos de titulización (SXFT), así como da modificación dos seus estatutos e do seu programa de actividades e das operacións societarias que as afectan.
- b) A declaración de non oposición á adquisición de participacións significativas e de control de ESI, SXIIIC, SXECR e SXFT.
- c) A autorización a ESI e SXIIIC para prestar servizos con ou sen sucursal nun Estado non membro da Unión Europea.
- d) A creación ou toma de participación por ESI e SXIIIC ou polos seus grupos en ESI ou SXIIIC estranxeiras domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea.
- e) A autorización a ESI e SXIIIC non comunitarias ou non sometidas á Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, para a prestación en España de servizos mediante sucursal ou en réxime de libre prestación de servizos e para a modificación do seu programa de actividades.

Todo iso de acordo co previsto na Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulización hipotecaria; na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo; na Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 40. Suxeito pasivo.

1. Será suxeito pasivo da taxa a persoa ou entidade a cuxo favor se solicite a autorización ou declaración de non oposición.
2. Se a solicitude se realiza a favor de máis dunha persoa ou entidade, será suxeito pasivo cada un deles.
3. Se a solicitude se realiza a favor dunha persoa ou entidade aínda sen constituír, será suxeito pasivo a persoa ou entidade solicitante.
4. A cota ratearase a partes iguais, se é o caso, entre cada un dos suxeitos pasivos solicitantes.

Artigo 41. Cotas.

1. Tarifa 4.1. Taxa por exame da documentación necesaria para a autorización ou declaración de non oposición e doutros actos relacionados coas seguintes entidades:

- a) ESI agás axencias de valores (AV) que soliciten autorización unicamente para a recepción e transmisión de ordes, sen manter fondos ou instrumentos dos seus clientes, presten ou non adicionalmente o servizo de asesoramento sobre investimentos (AV de

ámbito restrinxido), sociedades xestoras de carteiras (SXC) e empresas de asesoramento financeiro (EAFI).

- b) SXIIC.
- c) SXEGR.
- d) SXFT.
- e) ESI e SXIIC non comunitarias ou non sometidas á Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo, que presten servizos en España mediante sucursal ou en réxime de libre prestación de servizos (ESI non comunitaria e SXIIC non comunitaria).

Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa, en función do tipo de documentación que se vai examinar:

Tarifa	Cota fixa (euros)	Tipo de documentación que se vai examinar
Tarifa 4.1.1	10.000,00	Autorización das entidades comprendidas nas letras da a) á d) anteriores e das operacións societarias que as afecten. Autorización para a prestación de servizos en España ás entidades comprendidas na letra e) anterior.
Tarifa 4.1.2	5.000,00	Declaración de non oposición para adquisición de participacións de control nas entidades comprendidas nas letras da a) á e) anteriores. Autorización ás entidades comprendidas nas letras a) e b) anteriores ou os seus grupos, para a creación ou a toma de participación en ESI ou SXIIC estranxeiras domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea. Autorización ás entidades comprendidas nas letras a) e b) anteriores para a prestación de servizos mediante sucursal nun Estado non membro da Unión Europea.
Tarifa 4.1.3	3.000,00	Autorización da modificación de estatutos das entidades comprendidas nas letras a) a d) anteriores. Autorización da modificación do programa de actividades das entidades comprendidas nas letras a) a e) anteriores. Declaración de non oposición para adquisición de participacións significativas non de control nas entidades comprendidas nas letras da a) á e) anteriores. Autorización ás entidades comprendidas nas letras a) e b) anteriores para a prestación de servizos mediante libre prestación de servizos nun Estado non membro da Unión Europea.

2. Tarifa 4.2. Taxa por exame da documentación necesaria para a autorización ou declaración de non oposición e doutros actos relacionados coas seguintes persoas ou entidades:

- a) AV de ámbito restrinxido.
- b) SXC.
- c) EAFI.

Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa, en función do tipo de documentación que se vai examinar:

Tarifa	Cota fixa (euros)	Tipo de documentación que se vai examinar
Tarifa 4.2.1	6.000,00	Autorización das entidades comprendidas nas letras a) e b) anteriores e das operacións societarias que as afecten.

Tarifa	Cota fixa (euros)	Tipo de documentación que se vai examinar
Tarifa 4.2.2	3.000,00	<p>Declaración de non oposición para adquisición de participacións de control nas entidades comprendidas nas letras a) e b) anteriores.</p> <p>Autorización ás entidades comprendidas nas letras a) e b) anteriores ou os seus grupos, para a creación ou a toma de participación en ESI ou SXIIC estranxeiras domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea.</p> <p>Autorización ás entidades comprendidas nas letras a) e b) anteriores para a prestación de servizos mediante sucursal ou libre prestación de servizos nun Estado non membro da Unión Europea.</p>
Tarifa 4.2.3	1.000,00	<p>Autorización das persoas ou entidades da letra c) anterior e das súas operacións societarias.</p> <p>Declaración de non oposición para adquisición de participacións significativas de control nas entidades da letra c) anterior.</p> <p>Autorización ás persoas ou entidades da letra c) anterior ou os seus grupos para a creación ou toma de participación en ESI ou SXIIC domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea.</p> <p>Autorización para a modificación de estatutos e do programa de actividades das persoas ou entidades comprendidas nas letras a) á c) anteriores.</p> <p>Declaración de non oposición para adquisición de participacións significativas non de control nas entidades comprendidas nas letras a) á c) anteriores.</p> <p>Autorización ás persoas ou entidades da letra c) anterior para a prestación de servizos mediante sucursal ou libre prestación de servizos nun Estado non membro da Unión Europea.</p>

Artigo 42. *Devindicación.*

As taxas definidas no artigo 41 devindicaranse no momento en que se acorde a correspondente autorización ou declaración de non oposición. En caso de denegación da autorización ou declaración, ou desistencia ou caducidade do expediente, non se producirá a devindicación da taxa.

Artigo 43. *Liquidación.*

As taxas relacionadas no artigo 41 serán liquidadas pola CNMV.

Subsección 2.^a Taxas por inscrición de determinadas persoas ou entidades e de actos relacionados con esas persoas ou entidades nos rexistros oficiais da CNMV

Artigo 44. *Feito impoñible.*

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a inscrición de persoas ou entidades nos rexistros oficiais de ESI, de SXIIC, de SXEER, de SXFT, de institucións de investimento colectivo (IIC), de entidades de capital risco (ECR), de entidades depositarias de IIC, de IIC estranxeiras comercializadas en España, de sucursais de ESI e de SXIIC non comunitarias, de sucursais e axentes en España de ESI e de SXIIC autorizadas nun Estado membro da Unión Europea, así como dos actos relacionados coas citadas persoas ou entidades, sempre e cando deban ser inscritos nos correspondentes rexistros oficiais da CNMV, todo iso de acordo co previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo; na Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras; na Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulización hipotecaria, e nas disposicións de desenvolvemento destas.

2. Non constitúe feito impoñible desta taxa a inscrición da baixa de persoas ou entidades nos rexistros oficiais da CNMV, nin as inscricións practicadas de oficio pola CNMV.

Artigo 45. *Suxeito pasivo.*

Será suxeito pasivo da taxa a persoa ou entidade a cuxo favor se solicite a inscrición no correspondente rexistro oficial.

Artigo 46. *Cotas.*

1. Tarifa 4.3. Taxa por inscrición de ESI, de SXIIC, de SXEER e de SXFT autorizadas en España nos correspondentes rexistros oficiais da CNMV, así como dos actos relacionados coas citadas entidades, sempre e cando deban ser inscritos nos rexistros oficiais da CNMV. Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa:

Tarifa	Cota fixa (euros)	Tipo de inscrición
Tarifa 4.3	300,00	Inscrición no rexistro. Inscrición de modificacións de estatutos, de programas de actividades e de operacións societarias. Inscrición de conselleiros, administradores, directivos e asimilados. Inscrición de conselleiros, administradores, directivos e asimilados das entidades dominantes de ESI. Inscrición da entidade como encargada do mantemento do rexistro de anotacións en conta de emisores de valores. Inscrición de acordos de delegación.

2. Tarifa 4.4. Taxa por inscrición de sucursais de ESI e de SXIIC autorizadas nun Estado membro da Unión Europea, de ESI e de SXIIC non comunitarias e dos seus axentes en España, e de entidades depositarias de IIC, nos rexistros oficiais da CNMV, así como dos actos relacionados coas citadas entidades, sempre e cando deban ser inscritos nos correspondentes rexistros oficiais da CNMV. Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa:

Tarifa	Cota fixa (euros)	Tipo de inscrición
Tarifa 4.4.1	5.000,00	Inscrición de sucursais de ESI ou de SXIIC autorizadas nun Estado membro da Unión Europea. Inscrición de entidades depositarias de IIC. Inscrición do primeiro axente de ESI ou de SXIIC autorizadas nun Estado membro da Unión Europea, domiciliado en España.
Tarifa 4.4.2	300,00	Inscrición do segundo ou seguintes axentes de ESI ou de SXIIC autorizadas nun Estado membro da Unión Europea, domiciliados en España. Inscrición de sucursal de ESI e de SXIIC non comunitaria. Inscrición de modificación de datos que figuran nos rexistros de sucursais de ESI e de SXIIC estranxeiras.

3. Tarifa 4.5. Taxa por inscrición de ECR e de IIC españolas e estranxeiras comercializadas en España nos correspondentes rexistros oficiais da CNMV, así como dos actos relacionados coas citadas entidades, sempre e cando deban ser inscritos nos rexistros oficiais da CNMV. Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa:

Tarifa	Cota fixa (euros)	Tipo de inscrición
Tarifa 4.5.1	2.500,00	Inscrición de IIC e de ECR españolas. Inscrición de operacións de fusión, escisión ou outras operacións societarias de IIC e de ECR españolas. Inscrición de IIC non sometidas á Directiva 2009/65/CE. Inscrición de novo obxectivo concreto de rendibilidade en fondos de investimento.
Tarifa 4.5.2	1.000,00	Inscrición de modificacións esenciais de folletos e documentos de datos fundamentais para o investidor de fondos de investimento non incluídas na tarifa 4.5.1. Inscrición de modificacións de folletos de ECR. Inscrición de IIC autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea de acordo coa Directiva 2009/65/CE.
Tarifa 4.5.3	300,00	Inscrición de modificacións de regulamentos ou de estatutos. Inscrición de conselleiros, directivos e asimilados. Inscrición de modificacións de folletos e documentos de datos fundamentais do investidor de IIC, non incluídas nas tarifas 4.5.1 e 4.5.2. Inscrición da verificación dos requisitos para a admisión a negociación en mercados secundarios oficiais de IIC nacionais e estranxeiras. Inscrición de acordos de xestión de activos ou de delegación ou subdelegación de xestión, así como doutros acordos de delegación. Inscrición de cambio de entidade encargada da representación e/ou administración de sociedades de investimento.

Artigo 47. *Devindicación.*

As taxas recollidas no artigo 46 devindicaranse no momento de se acordar a correspondente inscrición nos rexistros oficiais da CNMV.

Artigo 48. *Liquidación.*

As taxas recollidas no artigo 46 serán liquidadas pola CNMV.

Sección 5.ª Taxas por comprobación do cumprimento dos requisitos de comercialización en España

Artigo 49. *Feito impoñible.*

Constitúe o feito impoñible da taxa a comprobación permanente do cumprimento dos requisitos de comercialización en España que realiza a CNMV sobre as IIC estranxeiras comercializadas en España, de acordo co previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e nas disposicións de desenvolvemento destas.

Artigo 50. *Suxeito pasivo.*

Serán suxeitos pasivos as IIC estranxeiras comercializadas en España, inscritas nos rexistros oficiais da CNMV na data de devindicación.

Artigo 51. *Cota.*

1. Tarifa 5.1. Taxa por comprobación permanente do cumprimento dos requisitos de comercialización en España das IIC non españolas, non sometidas á Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo: aplicarase unha cota fixa de 3.000,00 euros.

2. Tarifa 5.2. Taxa por comprobación permanente do cumprimento dos requisitos de comercialización en España das IIC non españolas, sometidas á Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo: aplicarase unha cota fixa de 2.500,00 euros.

Artigo 52. *Devindicación.*

A taxa devindicarase anualmente o día 1 de xaneiro de cada exercicio.

Artigo 53. *Liquidación.*

As taxas definidas no artigo 51 serán liquidadas pola CNMV.

Sección 6.ª Taxas por supervisión e inspección de determinadas persoas ou entidades

Subsección 1.ª Taxas por supervisión e inspección dos requisitos de solvencia e actividade de determinadas persoas ou entidades inscritas nos rexistros oficiais da CNMV

Artigo 54. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa a supervisión e inspección dos requisitos de solvencia e actividade que permanentemente realiza a CNMV sobre determinadas persoas ou entidades inscritas nos rexistros oficiais da CNMV, mediante o exame da información que periodicamente lle remiten e as comprobacións que sobre esta efectúa, así como mediante as inspeccións *in situ* necesarias, todo iso de acordo co previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo; na Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras; na Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulación hipotecaria, e nas disposicións de desenvolvemento destas, en relación cos seguintes requisitos de solvencia e actividade:

- a) Solvencia, exixencias de recursos propios mínimos, requisitos ou aptitude dos investimentos e coeficientes que resulten de aplicación.
- b) Os relativos ao capital, patrimonio e número de accionistas exixidos polas normas.
- c) Exixencias en relación coa estrutura organizativa de acordo coa actividade, dos medios materiais e humanos e sistemas de control requiridos.

Artigo 55. *Suxeito pasivo.*

Serán suxeitos pasivos as ESI, SXIIC, SXEER, SXFT, IIC, ECR e entidades depositarias de IIC e ECR, inscritas nos rexistros oficiais da CNMV na data de devindicación, agás aquelas que na data de devindicación se encontren en proceso de liquidación ou absorción e llo notificasen á CNMV mediante o oportuno feito relevante.

Artigo 56. *Bases impositibles, tipos de gravame e cotas.*

1. Tarifa 6.1. Taxa por supervisión e inspección dos requisitos de solvencia e actividade das ESI e SXIIC. A base imponible serán, se é o caso, os recursos propios exixibles segundo a normativa en vigor, na data de devindicación. O tipo de gravame e a cota serán:

- a) Tarifa 6.1.1. Para as ESI que, de acordo coa regulación prudencial aplicable, deban dispor dun determinado nivel de recursos propios: o 0,1 por cento, cunha cota fixa mínima de 500,00 euros.

b) Tarifa 6.1.2. Para as SXIIC: o 0,025 por cento, cunha cota fixa mínima de 500,00 euros.

2. Tarifa 6.2. Taxa por supervisión e inspección dos requisitos de solvencia e actividade das IIC. A base imponible será o patrimonio dos fondos e das sociedades de investimento, na data de devindicación. O tipo de gravame será o 0,00175 por cento, cunha cota fixa mínima de 500,00 euros.

3. Tarifa 6.3. Taxa por supervisión e inspección dos requisitos da actividade das entidades depositarias de IIC e ECR. A base imponible será o importe efectivo do patrimonio dos fondos e sociedades de investimento e ECR depositados na entidade, na data de devindicación. O tipo de gravame será o 0,0005 por cento, cunha cota fixa mínima de 500,00 euros.

4. Tarifa 6.4. Taxa por supervisión e inspección dos requisitos de solvencia e actividade das SXFT e SXEER. A base imponible serán os recursos propios exixibles segundo a normativa en vigor, o 31 de decembro do exercicio anterior ao de devindicación. O tipo de gravame será:

a) Tarifa 6.4.1. Para as SXFT: o 0,050 por cento, cunha cota fixa mínima de 1.000,00 euros.

b) Tarifa 6.4.2. Para as SXEER: o 0,040 por cento, cunha cota fixa mínima de 1.000,00 euros.

5. Tarifa 6.5. Taxa por supervisión e inspección dos requisitos de solvencia e actividade das ECR. A base imponible será o activo total dos fondos e das sociedades de capital risco o 31 de decembro do exercicio anterior á data de devindicación. O tipo de gravame será o 0,002 por cento, cunha cota fixa mínima de 1.000,00 euros.

Artigo 57. *Devindicación.*

1. As taxas recollidas no artigo 56.1, 56.2 e 56.3 devindicaránse o último día de cada semestre natural.

2. As taxas recollidas no artigo 56.4 e 56.5 devindicaránse anualmente o 1 de setembro de cada exercicio.

Artigo 58. *Liquidación.*

As taxas definidas no artigo 56 serán liquidadas pola CNMV.

Subsección 2.^a Taxas por supervisión e inspección das normas de conduta das persoas ou entidades que realizan actividades de prestación de servizos de investimento

Artigo 59. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa a supervisión e inspección que permanentemente realiza a CNMV sobre o cumprimento dos requisitos establecidos no título VII, capítulo I, e nos artigos 70.ter e 70.quáter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, por parte das persoas ou entidades habilitadas para a prestación de servizos de investimento, servizos auxiliares e resto de actividades do mercado de valores asociadas aos anteriores, mediante o exame da información que periodicamente lle remiten, e as comprobacións que sobre ela efectúa, así como mediante as inspeccións *in situ* necesarias para estas comprobacións, nos termos establecidos na dita Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 60. *Suxeito pasivo.*

Serán suxeitos pasivos da taxa:

- a) as ESI, as entidades de crédito (EC) e as SXIC habilitadas para prestar servizos de investimento, na data de devindicación da taxa;
- b) as sucursais e axentes domiciliados en España de ESI, EC e SXIC estranxeiras habilitadas para prestar servizos de investimento e auxiliares, na data de devindicación da taxa;
- c) as ESI e EC de Estados non membros da Unión Europea autorizadas para prestar servizos de investimento en España en réxime de libre prestación sen sucursal.

Artigo 61. *Bases impoñibles, tipos de gravame e cotas.*

Tarifa 6.6. Taxa por supervisión e inspección das normas de conduta na prestación de servizos de investimento, servizos auxiliares e resto de actividades do mercado de valores asociadas aos anteriores. A taxa será o resultado de sumar as tarifas 6.6.1 e 6.6.2 seguintes:

- a) Tarifa 6.6.1. A base impoñible será o volume dos ingresos brutos totais, incluídos incentivos, percibidos no exercicio anterior ao de devindicación, pola prestación de servizos de investimento, servizos auxiliares e resto de actividades do mercado de valores asociadas aos anteriores. A cota será o resultado de aplicar un tipo de gravame do 0,047 por cento á base liquidable, cunha cota fixa mínima de 350,00 euros.
- b) Tarifa 6.6.2. A base impoñible será o número de clientes retalistas e profesionais a que a entidade, no exercicio anterior ao de devindicación, prestase servizos de investimento, servizos auxiliares ou algunha actividade do mercado de valores asociada cos anteriores. A cota será o resultado de multiplicar a base liquidable por 0,47 euros, cunha cota fixa mínima de 850,00 euros.

Artigo 62. *Devindicación.*

As taxas a que se refire o artigo 61 devindicaranse anualmente, o día 1 de abril de cada exercicio.

Artigo 63. *Liquidación.*

As taxas definidas no artigo 61 serán liquidadas pola CNMV.

Subsección 3.^a Taxas por supervisión e inspección da actividade dos membros dos mercados secundarios oficiais de valores, sistemas multilaterais de negociación e entidades de contrapartida central das entidades participantes nos sistemas de rexistro ou liquidación de valores e daquelas entidades que actúen como contrapartes nos contratos de derivados extrabolsistas non compensados a través dunha entidade de contrapartida central

Artigo 64. *Feito impoñible.*

Constitúe o feito impoñible da taxa a supervisión e inspección que permanentemente realiza a CNMV sobre os membros dos mercados secundarios oficiais de valores, os membros dos sistemas multilaterais de negociación, os membros das entidades de contrapartida central (ECC) establecidas en territorio nacional e as entidades participantes nos sistemas de rexistro ou liquidación de valores, mediante o exame da información que periodicamente lle remiten e as comprobacións que sobre esta efectúa, de acordo co establecido na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Tamén constituirá o feito impoñible desta taxa a supervisión e comprobación das técnicas de redución de riscos que apliquen as entidades residentes que actúen como contrapartes financeiras ou non financeiras nos contratos de derivados extrabolsistas non compensados a través dunha ECC conforme o disposto no Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativo aos

derivados extrabolsistas, ás entidades de contrapartida central e aos rexistros de operacións.

Artigo 65. *Suxeito pasivo.*

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas ou entidades membros dos mercados secundarios oficiais de valores e dos sistemas multilaterais de negociación cuxa supervisión corresponde á CNMV, as entidades membros compensadores dunha ECC e as entidades participantes nos sistemas de rexistro ou liquidación de valores.

Tamén serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas ou entidades residentes, que actúen como contrapartes financeiras ou non financeiras nos contratos de derivados extrabolsistas que non se compensen nunha ECC, na medida que estean no alcance das revisións que tivese que levar a cabo a CNMV en relación coas técnicas de redución do risco aplicables aos contratos de derivados extrabolsistas non compensados nunha ECC previstas no artigo 11 do citado Regulamento 648/2012 UE.

Artigo 66. *Bases impositibles, tipos de gravame e cotas.*

1. Tarifa 6.7. Taxa por supervisión da actividade dos membros dos mercados secundarios oficiais de valores e dos membros dos sistemas multilaterais de negociación. Constituirá a base impositible o número de operacións de compra e venda de valores que leven a cabo os suxeitos pasivos nos mercados secundarios oficiais de valores e nos sistemas multilaterais de negociación, por conta propia, ou en cuxa transmisión participen ou medien durante o semestre natural, con excepción das operacións a vencemento ou simples de compra e venda de valores que teñan a cualificación de débeda pública. En función do importe de cada operación e do tipo de operación de que se trate, aplicaranse os seguintes tipos de contía fixa:

a) Tarifa 6.7.1. Operacións sobre accións e demais valores de contado de renda variable:

Tramos: valor efectivo en euros por operación	Cota en euros
Ata 300,00	0,020000
De 300,01 ata 3.000,00	0,050000
De 3.000,01 ata 35.000,00.	0,350659
De 35.000,01 ata 70.000,00.	0,478864
De 70.000,01 ata 140.000,00.	0,683993
Máis de 140.000,00	0,991685

b) Tarifa 6.7.2. Operacións sobre valores de renda fixa:

Tramos: valor nominal en euros por operación	Cota en euros
Ata 3.000,00.	0,031250
De 3.000,01 ata 6.000,00.	0,062500
Máis de 6.000,00	0,218750

c) Cando a suma de cotas que resulte de aplicar os anteriores tipos de gravame for inferior a 300,00 euros, aplicarase unha cota fixa de 300,00 euros.

2. Tarifa 6.8. Taxa por supervisión da actividade dos membros dos mercados secundarios oficiais e dos sistemas multilaterais de negociación de contratos de futuros e opcións. Constituirá a base impositible, no caso de contratos de derivados de subxacente financeiro, o número de contratos negociados no semestre e, no caso dos contratos de derivados de subxacente non financeiro, as unidades de servizo, subministración ou

entrega que subxacen no obxecto dos contratos negociados no semestre de devindicación.

Aplicaranse os seguintes tipos de contía fixa:

a) Tarifa 6.8.1. Contratos de derivados de subxacente financeiro sobre valores mobiliarios e índices sobre cestas formadas por estes valores.

Tramos: valor nocional en euros do contrato	Cota en euros por contrato
Ata 50.000,00	0,0007
A partir de 50.000,01	0,0058

Para os efectos do cálculo desta tarifa, o valor nocional calcularase de acordo coas seguintes fórmulas:

- Para os futuros sobre valores mobiliarios e índices: prezo do futuro X multiplicador do contrato.
- Para os futuros sobre débeda: prezo do futuro X nominal do contrato.
- Para as opcións sobre valores mobiliarios e índices: prezo de exercicio X multiplicador do contrato.
- Para as opcións sobre débeda: prezo de exercicio X nominal do contrato.

b) Tarifa 6.8.2. Contratos de derivados de subxacente non financeiro.

Unidades de servizo, subministración ou entrega	Cota en euros por unidade
Por megawatt hora	0,00031
Por tonelada de aceite de oliva	0,05000

c) Aplicarase unha cota fixa mínima de 300,00 euros a cada tarifa das letras a) e b) anteriores.

3. Tarifa 6.9. Taxa por supervisión da actividade das entidades participantes nos sistemas de rexistro ou liquidación de valores. A base imponible será a media do valor efectivo -no caso de valores de renda variable- e do valor nominal -no caso de valores de renda fixa- do saldo que manteñan, por conta propia e de terceiros, nos sistemas de rexistro ou liquidación de valores, o último día de cada un dos meses do semestre natural, con excepción dos valores que teñan a cualificación de débeda pública. En función do tipo de valor mantido como saldo, aplicaranse os seguintes tipos de gravame:

- a) Tarifa 6.9.1. Saldos de renda variable: o tipo de gravame será do 0,00014 por cento, con cotas fixas mínima e máxima de 1.700,00 e 75.000,00 euros, respectivamente.
- b) Tarifa 6.9.2. Saldos de renda fixa: o tipo de gravame será do 0,00047 por cento, con cotas fixas mínima e máxima de 3.100,00 e 190.000,00 euros, respectivamente.

4. Tarifa 6.10. Taxa por supervisión da actividade dos membros compensadores dunha ECC. Constituirá a base imponible o número de transaccións ou o seu valor efectivo, ou o valor nocional dos contratos derivados ou o seu número, ou o importe das garantías que a ECC exixa que sexan achegadas pola posición aberta, segundo sexa a operativa e natureza dos valores mobiliarios obxecto das transaccións e dos subxacentes dos contratos de derivados para os que cada membro sexa responsable da compensación e, de ser o caso, liquidación na ECC. No caso dos contratos derivados con subxacente non financeiro, a base imponible será a unidade de servizo, subministración ou entrega, en función da natureza do subxacente de cada contrato.

As tarifas que se aplicarán en función da operativa e da natureza dos valores mobiliarios ou dos subxacentes dos contratos de derivados obxecto de compensación serán as seguintes:

a) Tarifa 6.10.1. Compensación de compravendas de accións e demais valores mobiliarios de renda variable. Aplicarase un tipo de contía fixa de 0,00525 euros por transacción de negociación levada a compensar no semestre de devindicación.

b) Tarifa 6.10.2. Compensación de transaccións ou operacións simples e simultáneas sobre valores representativos de débeda. Aplicarase un tipo de gravame do 0,00525 por cento sobre o importe media do valor das garantías pola posición aberta requiridas ao longo do semestre de devindicación polas transaccións ou operacións levadas a compensar.

c) Tarifa 6.10.3. Compensación de contratos de derivados con subxacente financeiro sobre valores mobiliarios e índices sobre cestas formadas por estes valores. Aplicaranse os seguintes tipos de contía fixa:

Tramos: valor notional en euros por contrato compensado no semestre	Cota en euros por contrato
Ata 50.000,00	0,0007
A partir de 50.000,01	0,0058

d) Tarifa 6.10.4. Compensación de contratos de derivados sobre tipos de xuro, tipos de cambio ou calquera outro subxacente de natureza financeira non comprendido en letras anteriores. Aplicarase un tipo de gravame do 0,00525 por cento sobre o importe media do valor das garantías por posición requiridas ao longo do semestre de devindicación polas transaccións ou operacións ou contratos levados a compensar.

e) Tarifa 6.10.5. Compensación de contratos de derivados con subxacente non financeiro. En función da unidade de servizo, subministración ou entrega que subxace no obxecto dos contratos compensados ao longo do semestre de devindicación, aplicaranse os seguintes tipos de contía fixa:

Unidades de servizo, subministración ou entrega	Cota en euros
Por megawatt hora	0,00031
Por tonelada de aceite de oliva	0,05000

f) Aplicarase unha cota fixa mínima de 300,00 euros a cada tarifa das letras a) a e) anteriores.

5. Tarifa 6.11. Taxa por supervisión e comprobación das técnicas de redución de riscos que apliquen as entidades residentes que actúen como contrapartes financeiras ou non financeiras nos contratos de derivados extrabolsistas non compensados a través dunha ECC. Constituirá a base impositiva o número de contratos subscritos en cada semestre do ano natural por cada entidade residente de que sexa contraparte, cando os ditos contratos estean suxeitos a técnicas de redución de riscos conforme o previsto no artigo 11 do xa citado Regulamento 648/2012 UE, non fosen obxecto de compensación nunha ECC e estivesen sometidos ao deber de notificación a un rexistro de operacións autorizado de acordo co artigo 9 do dito regulamento. Para tal efecto, as entidades contrapartes suxeitas a esta taxa remitirán á CNMV, nos vinte días naturais seguintes ao de finalización do semestre de devindicación, unha declaración comprensiva de todos os contratos de derivados extrabolsistas antes mencionados, detallando os comunicados a cada rexistro de operacións e con desagregación daqueles en que a súa contraparte fose unha entidade non financeira establecida en España.

Aplicarase un tipo de contía fixa de 0,0035 euros por cada contrato obxecto da declaración, cunha cota fixa mínima de 300,00 euros.

Artigo 67. Devindicación.

As taxas devindicaranse o último día do semestre natural, por tantos conceptos dos comprendidos nas tarifas mencionadas no artigo 66 como concorran no suxeito pasivo destas.

Artigo 68. Liquidación.

As taxas relacionadas no artigo 66 serán liquidadas pola CNMV.

Subsección 4.^a Taxas por supervisión e inspección dos mercados secundarios oficiais, dos sistemas multilaterais de negociación, das entidades de contrapartida central autorizadas a administrar servizos de compensación sobre instrumentos financeiros, das entidades autorizadas a xestionar sistemas de rexistro ou liquidación de valores e do resto de entidades relacionadas no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores

Artigo 69. Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa a supervisión e inspección que permanentemente realiza a CNMV sobre as entidades que se relacionan no artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, mediante o exame da información que periodicamente lle remiten e as comprobacións que sobre ela efectúa, de acordo co establecido na citada Lei 24/1988, do 28 de xullo, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 70. Suxeito pasivo.

Serán suxeitos pasivos as entidades a que se refire o artigo 84.1.a) e b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Artigo 71. Bases impoñibles, tipos de gravame e cotas.

1. Tarifa 6.12. Taxa por supervisión das sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais de valores e das entidades reitoras dos sistemas multilaterais de negociación, agás os mercados secundarios oficiais e sistemas multilaterais de negociación de futuros e opcións. Constituirá a base impoñible a suma do importe negociado no semestre natural de todos os valores admitidos a negociación pola sociedade ou entidade reitora do correspondente mercado ou sistema multilateral de negociación. Para os efectos de determinar tal importe, os valores de renda variable computaranse polo seu valor efectivo de negociación e os de renda fixa polo seu nominal negociado, con excepción daqueles valores que teñan a cualificación de débeda pública, que non formarán parte do dito cómputo.

a) Tarifa 6.12.1. Taxa por supervisión das sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais de valores e das entidades reitoras dos sistemas multilaterais de negociación que admitan a negociación valores de renda variable e, de ser o caso, tamén de renda fixa. Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa:

Tarifa 6.12.1	Suma do valor efectivo (RV) e do valor nominal (RF) dos valores negociados (en millóns de euros)	Cota fixa (euros)
Tarifa 6.12.1.1	Ata 1.000,00	0,00
Tarifa 6.12.1.2	Desde 1.000,01 ata 5.000,00	5.000,00
Tarifa 6.12.1.3	Desde 5.000,01 ata 40.000,00	50.000,00
Tarifa 6.12.1.4	Desde 40.000,01 ata 100.000,00	75.000,00
Tarifa 6.12.1.5	Desde 100.000,01 ata 200.000,00	150.000,00
Tarifa 6.12.1.6	Desde 200.000,01 ata 400.000,00	225.000,00
Tarifa 6.12.1.7	Máis de 400.000,00	300.000,00

b) Tarifa 6.12.2. Taxa por supervisión das sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais de valores e das entidades reitoras dos sistemas multilaterais de negociación que admitan a negociación exclusivamente valores de renda fixa. Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa:

Tarifa 6.12.2	Valor nominal dos valores de renda fixa negociados (en millóns de euros)	Cota fixa (euros)
Tarifa 6.12.2.1	Ata 100.000,00	0,00
Tarifa 6.12.2.2	Desde 100.000,01 ata 1.000.000,00	25.000,00
Tarifa 6.12.2.3	Desde 1.000.000,01 ata 2.500.000,00	50.000,00
Tarifa 6.12.2.4	Desde 2.500.000,01 ata 10.000.000,00	150.000,00
Tarifa 6.12.2.5	Máis de 10.000.000,00	200.000,00

2. Tarifa 6.13. Taxa por supervisión das sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións e das entidades reitoras dos sistemas multilaterais de negociación que operen con contratos de futuros e opcións. Constituirá a base impoñible o número de contratos negociados no semestre natural. Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa:

Tarifa 6.13	Número de contratos negociados	Cota fixa (euros)
Tarifa 6.13.1	Sen contratos	0,00
Tarifa 6.13.2	Desde 1 ata 100.000 contratos	5.000,00
Tarifa 6.13.3	Desde 100.001 ata 1.000.000 de contratos	10.000,00
Tarifa 6.13.4	Máis de 1.000.000 de contratos	20.000,00

3. Tarifa 6.14. Taxa por supervisión das entidades de contrapartida central autorizadas a administrar servizos de compensación sobre instrumentos financeiros e das entidades autorizadas a xestionar sistemas de rexistro ou liquidación de valores.

a) Tarifa 6.14.1. Taxa por supervisión das entidades de contrapartida central autorizadas a administrar servizos de compensación sobre instrumentos financeiros. Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa:

Tarifa 6.14.1	Servizos que se estean a prestar na data de devindicación	Cota fixa (euros)
Tarifa 6.14.1.1	Compensación con ou sen liquidación de contratos derivados	30.000,00
Tarifa 6.14.1.2	Compensación de valores de renda variable	70.000,00
Tarifa 6.14.1.3	Compensación de valores de renda fixa	25.000,00

b) Tarifa 6.14.2. Taxa por supervisión das entidades autorizadas a xestionar sistemas de rexistro ou liquidación de valores. Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa:

Tarifa 6.14.2	Servizos que se estean a prestar na data de devindicación	Cota fixa (euros)
Tarifa 6.14.2.1	Rexistro ou liquidación de valores de renda variable	80.000,00
Tarifa 6.14.2.2	Rexistro ou liquidación de valores de renda fixa	80.000,00

Artigo 72. Devindicación.

As taxas devindicaranse o último día do semestre natural por tantos conceptos dos comprendidos nas tarifas mencionadas no artigo 71 como concorran no suxeito pasivo.

Artigo 73. Liquidación.

As taxas recollidas no artigo 71 serán liquidadas pola CNMV.

Subsección 5.^a Taxas por supervisión e inspección do cumprimento das normas de obriga de remisión de información á CNMV para as persoas ou entidades emisoras de valores admitidos a negociación, fondos de titulización e fondos de activos bancarios

Artigo 74. *Feito impoñible.*

Constitúe o feito impoñible da taxa a supervisión e inspección que permanentemente realiza a CNMV sobre a información que remiten as persoas ou entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais, os fondos de titulización e os fondos de activos bancarios, de acordo co establecido na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; na Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulización hipotecaria; na Lei 3/1994, do 14 de abril, de adaptación da lexislación española en materia de entidades de crédito á Segunda directiva de coordinación bancaria; na Lei 9/2012, do 14 de novembro, de resolución e reestruturación do sector bancario, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 75. *Suxeito pasivo.*

Serán suxeitos pasivos as persoas ou entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais na data de devindicación da taxa que deban remitir información á CNMV, así como os fondos de titulización e os fondos de activos bancarios.

Artigo 76. *Cotas.*

1. Tarifa 6.15. Taxa por supervisión das obrigas de remisión de información á CNMV das persoas ou entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais, fondos de titulización e fondos de activos bancarios. Aplicaranse as seguintes cotas de contía fixa:

Tarifa 6.15.	Persoas ou entidades a que é aplicable	Cota fixa (euros)
Tarifa 6.15.1	Emisoras de accións admitidas a negociación cuxa capitalización bolsista no peche da última sesión do semestre de devindicación sexa igual ou superior a 10.000 millóns de euros.	40.000,00
Tarifa 6.15.2	Emisoras de accións admitidas a negociación cuxa capitalización bolsista no peche da última sesión do semestre de devindicación sexa inferior a 10.000 millóns de euros e superior a 2.000 millóns de euros.	25.000,00
Tarifa 6.15.3	Emisoras de accións admitidas a negociación cuxa capitalización bolsista no peche da última sesión do semestre de devindicación sexa igual ou inferior a 2.000 millóns de euros.	10.000,00
Tarifa 6.15.4	Emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais, non incluídas nos puntos anteriores (tarifas 6.15.1 a 6.15.3), obrigadas a facer pública información regulada	7.500,00
Tarifa 6.15.5	Emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais, non incluídas nos puntos anteriores (tarifas 6.15.1 a 6.15.4), fondos de titulización e fondos de activos bancarios	500,00

2. Para os efectos da determinación da cota fixa, no caso de que para unha acción ou valor determinado non sexa posible obter o dato de capitalización bolsista no peche da última sesión do semestre de devindicación, tomarase o dato da última capitalización bolsista coñecida da dita acción ou valor.

3. Non serán de aplicación as taxas contidas no número 1 a aquelas persoas ou entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais que non estean obrigadas a remitir información á CNMV.

Artigo 77. *Devindicación.*

As taxas a que se refire o artigo 76 devindicaranse o último día do semestre natural.

Artigo 78. *Liquidación.*

As taxas recollidas no artigo 76 serán liquidadas pola CNMV.

Sección 7.ª Taxas por expedición de certificados

Artigo 79. *Feito impoñible.*

Constitúe o feito impoñible da taxa a expedición de certificados relativos á información incluída nos rexistros públicos da CNMV.

Artigo 80. *Suxeito pasivo.*

Será suxeito pasivo da taxa a persoa ou entidade solicitante do certificado.

Artigo 81. *Cota.*

Tarifa 7. Taxa por expedición de certificado: aplicarase unha cota fixa de 30,00 euros.

Artigo 82. *Devindicación.*

A taxa devindicarase cando se presente a solicitude, que se tramitará unha vez efectuado o pagamento correspondente.

Artigo 83. *Liquidación.*

A taxa por expedición de certificados será obxecto de autoliquidación polo suxeito pasivo.

CAPÍTULO III

Normas de xestión

Artigo 84. *Órgano xestor.*

1. A xestión e recadación das taxas aplicables pola realización de actividades e prestación de servizos corresponderá á CNMV e poderase utilizar, para a efectividade do seu cobramento, a vía de constrinximento.

2. A xestión recadatoria en período executivo poderana realizar, logo de realización do oportuno convenio, os órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Artigo 85. *Pagamento.*

Os suxeitos pasivos efectuarán o pagamento das taxas conforme os modelos oficiais que serán aprobados polo Ministerio de Economía e Competitividade.

O pagamento das taxas efectuarase nas condicións e prazos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional. *Contención do gasto público.*

A aplicación desta norma non poderá supor aumento neto dos gastos de persoal ao servizo da CNMV.

Disposición transitoria. *Normativa aplicable en materia de taxas aos expedientes en tramitación.*

Aos expedientes en materia de taxas que se encontren en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei seralles de aplicación a normativa vixente no momento de devindicación da taxa, con excepción dos expedientes en materia de taxas das seccións 1.^a e 2.^a do capítulo II, aos cales lles será de aplicación o Real decreto 1732/1998, do 31 de xullo.

Disposición derogatoria.

Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e expresamente as seguintes:

- a) O artigo 13 da Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego.
- b) O Real decreto 1732/1998, do 31 de xullo, sobre taxas aplicables polas actividades e servizos prestados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro das competencias do Estado en materia de lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica do artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a, respectivamente, da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habíltese o Goberno para ditar cantas disposicións fosen necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2015.
Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de setembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY